



**Avaliación** – Prazo de reclamación 3 días a partir da entrega do boletín informativo sobre a de avaliación Ordinaria.

### **Calendario de setembro:**

As actividades lectivas comezarán o 10 de setembro de 2009.

O primeiro día do curso alumnado realizará as entradas no seguinte horario:

|                    |                               |                                        |
|--------------------|-------------------------------|----------------------------------------|
| 1º CICLO EP        | - 11:30                       | PORTA PRINCIPAL                        |
| EDUCACIÓN PRIMARIA | 2º CICLO EP                   | - 12:00 PORTA PRINCIPAL                |
|                    | 3º CICLO EP                   | - 12:00 PORTA LATERAL                  |
| EDUCACIÓN INFANTIL | 4ºEI (3 anos)                 | - 12:00 SEGUNDO NA REUNIÓN COS PAIS    |
|                    | 5ºEI (4 anos) - 6ºEI (5 anos) | 11:30 h. Porta Lateral (Patio Cuberto) |

**outras datas:** NADAL: do 23 de decembro ao 7 de xaneiro ámbolos dous inclusive.

DÍA DO ENSINO: 7 de decembro.

ANTROIDO: 7, 8 e 9 de marzo.

SEMANA SANTA: do 18 de abril ata o 25 de abril ámbolos dous inclusive.

REMATE DO CURSO: 22 de xuño.

**Axudas escolarización do Concello:** De momento non chegou ao centro información oficial para solicitar axudas municipais para material escolar. Como en cursos anteriores, suponse que saíran durante o mes de xullo. Os interesados deberán dirixirse ao Concello.

### **Servizo á comunidade:**

Por mor de acudir a tribunal de oposicións este centro non poderá ofrecer servizo de secretaría como viña sendo habitual.

Quen precise solicitar documentación de escolarización, gratuidade ou outra documentación, deberá deixar constancia da súa solicitude en conserxería para recollela posteriormente.

Se alguén necesitara algunha documentación durante o período vacacional poderá solicitala á dirección de correo electrónico [ceip.ponzos@edu.xunta.es](mailto:ceip.ponzos@edu.xunta.es) explicando cal é a súa necesidade e deixando un teléfono de contacto.

O Concello de Ferrol a través da Concellería de Educación oferta o programa **"Conversa en Lingua Inglesa"** – **Gratuito** – realización no mes de Outubro – Horario de tarde- Alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria (30 e 40 prazas respectivamente) e 1º e 2º de ESO (30 e 20 prazas respectivamente) . **Prazo de solicitude: do 1 ao 15 de xullo.** As bases están expostas no Centro. Información en 981944220



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**CEIP "Ponzos"**

R/Ponzos s/n  
15404 Ferrol- A Coruña  
Telf. 981370480 Fax. 981949288  
[ceip.ponzos@edu.xunta.es](mailto:ceip.ponzos@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos>

**CIRCULAR FIN  
DE CURSO**



## **PROGRAMA DE GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO**

No D.O.G. 31 de maio saíu publicada a Orde pola que se convocan as **Axudas para adquisición de libros de texto** para alumnado que no curso escolar 2010-2011 se matricule en 1º, 2º, 5º e 6º de Educación Primaria. A solicitude pódese recoller no centro ou obtela no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>, na ligazón de gratuidade solidaria de libros de texto.

Estamos á espera de que a administración convoque as axudas para o alumnado de 3º e 4º que en principio segue co sistema de gratuidade dos libros de texto e so terán que mercar os libros sinalados na relación de libros de texto expostos no colexio ou que figuran na páxina web do centro.

## **PARA O ALUMNADO QUE FINALIZA 6º E SE INCORPORA AO INSTITUTO**

A partir de mañá poden pasar para a recoller o vello **libro de escolaridade e o Historial académico**. Este documento é un documento oficial e debe retirarse e custodialo con responsabilidade pois pode ser necesario máis adiante cando se necesite de certificar estudos.

A actual **directiva da ANPA** cesa co remate do presente curso. Para o vindeiro curso non se formou nova directiva e de momento non se presentaron candidaturas. Como a coordinación das actividades escolares, a tramitación de solicitudes de axudas, a organización de actividades nas conmemoracións e festas tradicionais etc. son responsabilidade dos pais organizados a través das asociacións, amén da condición á que está sometido o sistema actual de "xornada continuada"

Sendo conscientes que este tipo de voluntariado só implica deberes e tempo de dedicación, desde o Equipo directivo do centro animamos a pais e nais do alumnado a organizarse cara á constitución dunha nova xunta directiva. Facemos unha chamada ao bo entender dos membros da Comunidade Educativa para colaborar apuntando todos na mesma dirección.

Se durante o que resta de xuño e o mes de xullo non aparecen persoas decididas a levalo adiante, retomaremos o tema en setembro convocando unha asemblea xeral de pais con ese único punto na Orde do día.

A Dirección e o Claustro de profesores desexan un bo verán a tódolos membros da Comunidade Escolar.

O DIRECTOR